

CIG-SAÚDE solicitou á Dirección de RRHH do SERGAS que se incluíse na orde do día o tema da Contratación no COVID-19 a partires do mes de agosto.

A Administración non o considerou un tema importante e tratouse no apartado de rogos e preguntas.

Desde **CIG-SAÚDE** exiximos coñecer que vai pasar cos contratos a partir do 31 de agosto. Consideramos que ante un posible rebrote, debера de negociarse na Mesa Sectorial un plan de continxencias que recollese as necesidades de persoal, ratios de persoal nas unidades COVID, medidas de conciliación laboral e familiar dos/as traballadores/as do SERGAS, e que se teña en conta a renovación dos contratos do persoal en situación de IT.

A Administración contesta que a partires do 31 de agosto, toda a contratación volve ao funcionamento normalizado do pacto de selección temporal. No caso dos FEAS con contrato ata 31/12/2020, din que é moi cedo para falar de que vai pasar a partires desa data. Para a administración o plan de continxencias consiste en ter publicadas as listas definitivas en setembro.

CIG-SAÚDE denunciámos a situación que se está a dar polo cómputo dos contratos COVID, posto que no LICOT non se están a contabilizar eses contratos para o cálculo dos 180 días de acúmulos de tarefas. A Administración quedou en revisalo.

Para CIG-Saúde isto se tería resolto se se negociase unha nova orde de vínculos que elimináse toda esta contratación en acúmulos de tarefas.